



CONSELLO PARROQUIAL BORA 26/01/17

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes de Castrolampán
- AAVV de Bora
- AAVV Coordinadora de Bora
- Comunidade de Montes Pio Lameliña
- Comunidade de Montes O Salgueiral
- Comunidade de Montes A Lameliña
- Veciños da parroquia
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña reúne-se coas persoas integrantes do consello parroquial de Bora para presentar as vindeiras obras propostas polo Concello para realizar na parroquia ao longo do ano 2017. Os asistentes decidirán a súa aprobación ou as modificacións que consideren oportunas e sexa posible a súa realización. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- **OBRAS REALIZADAS EN 2016**
- **PROPOSTAS DO CONCELEIRO ANO 2017**
- **SUXESTIÓNS E PETICIÓNS**
- **UBICACIÓN CARTEIS INFORMATIVOS**

OBRAS REALIZADAS EN 2016

O concelleiro dá conta das obras realizadas durante este ano 2016, algunhas delas incluídas no Plan de Parroquia

- Asfaltado da pista dende A Igrexa a Cardosa
- Recollida de augas e pavimentación no Pio
- Mellora integral na contorna do lavadoiro da Lameliña
- Recollida de augas e pavimentación no camiño que conecta A Corval coa Cardosa
- Melloras no cemiterio e na contorna
- Pequenos retoques no local social
- Redutores de velocidade na Igrexa

PROPOSTAS 2017 TRASLADADAS POLO CONCELEIRO

- Derrubar o antigo palco da festa. Os membros do consello parroquial queren substituír esta partida polo acceso a dúas vivendas en Leirados. Estudiarase esta proposta, mais o concelleiro non a ve viable.
- Arranxo de firme e pluviais do sendeiro dende o Quinteiro a Vilares. Os asistentes consideran que nestes momentos esta partida é innecesaria
- Limpeza Fontiña do Teso
- Muro, ancheado e asfaltado no Salgueiral. Necesario para o acceso de camións de bombeiros en caso de incendio. Todos coinciden na importancia desta obra
- Muro, ancheado e asfaltado no Valo

- Pequena recollida de augas no vial entre a Igrexa e A Cardosa
- Carteis informativos para a parroquia, semellantes aos instalados en Mourente
- Doble onda e sinalización no Quinteiro, costa do Regado. Este camiño é sumamente perigoso polas xeadas e a excesiva pendente do camiño. Estudiarase a opción de cortar os eucaliptos para que o camiño deixe de ser tan sombrío, así como medidas para facer o camiño menos deslizante.

PETICIÓN E SUXESTIÓN

- No Quinteiro asfaltouse, hai anos o principio e o final do camiño, pero non a parte central. O motivo é que os propietarios colindantes non cederon terreo para poder facer as canalizacións de auga.
- Saneamento que falta na parroquia. O Concelleiro informa que no novo contrato de augas que se firmará vai incluído o remate do saneamento no rural.
- Marquesiña no Quinteiro. Unha opción sería trasladar unha existente noutro lugar e que non se usa. Para levar a cabo esta actuación é necesario solicitar permiso á administración titular da estrada.
- Facer carteis informativos co número de teléfono para a recollida de mobles

UBICACIÓN CARTEIS INFORMATIVOS

Proposta da veciñanza e pendente de revisión no vindeiro Consello Parroquial

O Teso

1. Bifurcación O Teso á Igrexa (zona das curvas)
2. Na de Bernardino
3. Entronque A Peneirada

Leirados

4. No cruce de Leirados, xunto o colector do lixo
5. No campo da festa
6. Xunto ao cemiterio
7. Na Igrexa

Cardosa

8. Entrada ao vial que conecta A Cardosa e A Igrexa
9. No Tombo, xunto ao transformador de Fenosa

Lameliña

10. Preto do bar “O Estanco”
11. Casa de cultura
12. Lavadoiro

Ponte Bora

13. En “*Portajo*”
14. Comercio de Alejandro

O Quinteiro

15. Portamuiño
16. Zona onde se solicitou a marquesiña
17. Campo
18. Aida
19. Regado

O Couto

20. Nas primeiras casas da subida, xunto ao contenedor

O Salgueiral

21. Entrada das leiras

22. Casa de cultura
23. Campo da festa
24. Na zona alta, onde están os cruces

Cara

25. Xunto ao lavadoiro da Regla

O Valo

26. Xunto á “*Perillona*”